

4 Enero de 2016 - Revista 1054

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

BOLSAS E AXUDAS / 4

PREMIOS E CONCURSOS / 8

NOVAS DE EMPREGO / 9

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil

Martes, 29 Decembro 2015 08:22



AUTOEMPREGO XUVENIL

A Consellería de Economía, Emprego e Industria convoca un **Programa para a promoción do emprego autónomo**.

A finalidade deste programa é promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais cunha viabilidade económica e financeira que facilitan a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia.

1. Subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil:

Co obxecto de axudar as persoas mozas desempregadas ao inicio e mantemento do emprego como persoa traballadora autónoma e deste xeito facilitarlles ingresos durante o inicio da súa actividade laboral, poderá concedérselles unha subvención de 1.200 € ás persoas menores de 30 anos na data da solicitude da axuda que soliciten a alta no réxime especial de autónomos ou en mutualidade profesional, desde o **1 de outubro de 2015 ata o 30 de setembro de 2016**.

2. Subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia:

Poderáselle conceder á persoa desempregada, co obxecto de facilitarlle ingresos durante o inicio da actividade e posta en marcha da iniciativa empresarial ou profesional, unha subvención polo seu establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, sempre que acredite o requisito de realizar un investimento en inmovilizado material ou intanxible necesario para o desenvolvemento da actividade por unha contía non inferior a 3.000 euros.

Neste caso **as contías desta subvención serán as seguintes:**

5.000 € persoas persoas desempregadas en xeral.

8.000 € home desempregado con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.

10.000 € muller desempregada con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.

Cando a mesma persoa presente solicitude polas dúas liñas de axuda, entenderase que renuncia á solicitude de subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil.

Requisitos:

1. Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que creen o seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en persoas traballadoras autónomas ou por conta propia, e que desenvolvan fundamentalmente a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia
2. Non estar inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.
3. Non percibir subvencións ao abeiro dos distintos programas de emprego autónomo nos tres anos anteriores á data do inicio da nova actividade.
4. Non desenvolver como persoas traballadoras autónomas a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.

O **prazo** de admisión de solicitudes estará aberto ata o **29 de febreiro de 2016**.

As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **TR341D**

Máis información no DOG do 29 de decembro de 2015 e en <http://traballo.xunta.es/>

Creación de empresas para os agricultores mozos

Martes, 29 Decembro 2015 09:12



AGRICULTORES MOZOS

A Consellería do Medio Rural convoca para o ano 2016 as **axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para os agricultores mozos*** e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

O **prazo** de presentación de solicitudes comezará o **18 de xaneiro** e rematará o **18 de marzo**, ambos incluídos.

As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **MR404A**

Máis información no DOG do 29 de decembro de 2015 e en <http://www.xunta.es/medio-rural>

***Agricultor mozo:** a persoa que no momento de presentar a solicitude da axuda á primeira instalación teña cumpridos os dezoito anos e non teña cumpridos os corenta e un anos, e se estableza nunha explotación agraria por primeira vez como titular desa explotación, de xeito individual, como cotitular ou como socio.

Poderá ter a consideración de agricultor mozo aquel que, sendo titular dunha explotación agraria, esta sexa considerada de autoconsumo ou non comercial.

Axudas á contratación das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil

Mercores, 30 Decembro 2015 09:11



A Consellería de Economía, Emprego e Industria convoca programas de incentivos a contratación por conta allea que teñen por finalidade favorecer o emprego estable e facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas mozas inscritas no **Sistema Nacional de Garantía Xuvenil**, a través dos seguintes programas:

a) Programa de incentivos á contratación indefinida inicial das persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil:

Serán subvencionables ao abeiro deste programa as contratacións indefinidas realizadas desde o **1 de novembro de 2015 ata o 30 de setembro de 2016** formalizadas con persoas mozas inscritas no **Sistema nacional de garantía xuvenil**.

1. A persoa moza pola que se solicita a subvención debe estar inscrita no **Sistema nacional de garantía xuvenil**, estar desempregada na data da súa contratación indefinida e non ter traballado nos trinta días naturais anteriores á data da contratación.

2. Como consecuencia da contratación indefinida inicial pola que se solicita subvención ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa, no ámbito territorial de Galicia, respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención.

3. Como consecuencia da contratación indefinida que se fomenta ten que incrementarse o emprego neto da empresa no ámbito territorial de Galicia, respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención.

b) Programa de incentivos á contratación temporal das persoas mozas inscritas no **Sistema nacional de garantía xuvenil** e a súa transformación en contrato indefinido: Serán subvencionables ao abeiro deste programa:

a) As contratacións de carácter temporal realizadas desde o **1 de novembro de 2015 ata o 30 de setembro de 2016** formalizadas con persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.

b) As transformacións en indefinidos dos contratos temporais realizados desde o **1 de novembro de 2015** e subvencionados ao abeiro deste programa, sempre que a transformación se formalice ata o **30 de setembro de 2016**.

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **30 de setembro de 2016**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> cos procedementos **TR349I** e **TR349L**.

Máis información no **DOG do 30 de decembro de 2015** e en <http://industria.xunta.es/> e en <http://garantiaxuvenil.xunta.es/>

Promoción do emprego autónomo das persoas inscritas no sistema nacional de garantía xuvenil

Mercores, 30 Decembro 2015 09:24



A Consellería de Economía, Emprego e Industria convoca subvenciones para a promoción do emprego autónomo das persoas novas inscritas no **Sistema Nacional de Garantía Xuvenil**

A finalidade deste programa é promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais cunha viabilidade económica e financeira que facilitan a creación do seu propio posto de traballo ás persoas novas desempregadas que figuren inscritas no **Sistema Nacional de Garantía Xuvenil** e que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia.

Subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil:

Poderá concedérselle unha subvención ás persoas que soliciten a alta no réxime especial de autónomos ou en mutualidade profesional, dende o **1 de outubro de 2015** ata o **30 de setembro de 2016**.

A contía desta subvención será de 1.200 euros

Subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia:

Poderáselle conceder á persoa moza inscrita no **Sistema Nacional de Garantía Xuvenil** para a posta en marcha do seu proxecto empresarial ou profesional, unha subvención polo seu establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, sempre que acredite o requisito de realizar o investimento en inmovilizado material ou intanxible por unha contía non inferior a 2.000 euros.

As contías desta subvención serán as seguintes:

A. 7.500 euros mozo.

B. 8.000 euros moza.

C. 10.000 euros cando a persoa beneficiaria sexa una persoa moza con discapacidade ou pertencente a algún colectivo en risco ou situación de exclusión social.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **30 de setembro de 2016**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> cos procedementos **TR341J**

Máis información no **DOG do 30 de decembro de 2015** e en <http://industria.xunta.es/> e en <http://garantiaxuvenil.xunta.es/>

Axuda complementaria do Programa Erasmus

Luns, 04 Xaneiro 2016 07:40



Erasmus+

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no marco do **Programa comunitario Erasmus+**, destinadas aos/ás estudantes das universidades do Sistema universitario de Galicia e dos centros asociados da **UNED** en Galicia que participan en Erasmus Estudos durante o curso 2015/16.

Requisitos:

- a) Ser cidadán da Comunidade Europea ou estranxeiro non comunitario con residencia legalizada no Estado.
- b) Estar matriculado/a no curso 2015/16 en calquera das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia ou nos centros asociados da UNED nesta comunidade autónoma para realizar estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica.
- c) Participar no programa de mobilidade universitaria con fins de estudos con autorización da universidade de orixe e ser beneficiario/a da axuda do programa Erasmus+ xestionada polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación ou da Erasmus.es financiada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Duración e contía das axudas:

1. O programa de mobilidade para o que se solicita a bolsa será realizado durante o curso académico 2015/16.
2. As axudas concederanse para estadias dun máximo de nove meses e dun mínimo de tres meses.
3. As axudas terán a seguinte contía, en función dos grupos de países determinados no programa Erasmus+:
 - a) De 150 euros/mes para un país de destino do grupo 1.
 - b) De 120 euros/mes para un país de destino do grupo 2.
 - c) De 80 euros/mes para un país de destino do grupo 3.

A **lista de países** por cada un dos tres grupos é o seguinte e pódese consultar na guía do **programa Erasmus+** no enlace da **Comisión Europea**:

http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/documents/erasmus-plus-programme-guide_es.pdf

Grupo 1

Países do programa con custos de vida superiores: Dinamarca, Irlanda, Francia, Italia, Austria, Finlandia, Suecia, Reino Unido, Liechtenstein, Noruega, Suíza

Grupo 2

Países do programa con custos de vida medios: Bélxica, República Checa, Alemaña, Grecia, Croacia, Chipre, Luxemburgo, Países Baixos, Portugal, Eslovenia, Islandia, Turquía

Grupo 3

Países do programa con custos de vida inferiores: Bulgaria, Estonia, Letonia, Lituania, Hungría, Malta, Polonia, Romanía, Eslovaquia, Antiga República Iugoslava de Macedonia

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **4 de febreiro de 2016**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **ED417A**

Máis información no **DOG do 4 de xaneiro de 2016** e en www.edu.xunta.es

Poden fasacerse consultas en: orientacion.sug@edu.xunta.es

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsas da Dirección Xeral de Comercio

Mercres, 30 Decembro 2015 08:19

A Dirección Xeral de Comercio convoca **4 bolsas de formación práctica**. As bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio teñen como obxectivo contribuír á formación titorial de profesionais no campo da actividade comercial e o seu ámbito.



A Dirección Xeral de Comercio elaborará un programa formativo que integrará principalmente aspectos relativos á actividade comercial, o estudo e a análise da pequena e mediana empresa comercial e o sector da distribución e as estruturas comerciais. O programa formativo poderá estenderse a todas aquelas materias sobre as que o centro directivo ten competencia e, en concreto, a artesanía.

Requisitos:

Estar en posesión dalgún título universitario de segundo ciclo ou grao superior e ter rematado os estudos conducentes a el no ano 2007 ou posterior.

Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

Cada bolsa estará dotada cun importe máximo de 10.800 € brutos, distribuídos en pagamentos mensuais, a razón de 900 € por mes.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **30 de xaneiro de 2016**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **IN225A**

Máis información no DOG do 30 de decembro de 2015 e na **Consellería de Industria**, teléfono 981 545 599.

<http://ceei.xunta.gal/>

Mobilidade dentro do Programa Estatal de Promoción do Talento e a súa empregabilidade

Mercores, 30 Decembro 2015 11:35



O Ministerio de Educación convoca o **Programa de Estancias de mobilidade de profesores e investigadores en centros estranxeiros de ensino superior e investigación**, a través de dúas modalidades:

a) Modalidade A. Estancias de profesores e investigadores senior en centros estranxeiros, incluído o programa «**Salvador de Madariaga**». Convócanse ata un máximo de **400 axudas**.

Esta modalidade diríxese ao profesorado universitario e a investigadores con experiencia e traxectoria profesional acreditadas,

b) Modalidade B. Estancias de mobilidade no estranxeiro «**José Castillejo**» para novos doutores. Convócanse ata un máximo de **260 axudas**.

Esta modalidade ten por obxecto favorecer e incentivar a mobilidade de novos doutores que se incorporaron recentemente á carreira docente e investigadora.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o **14 de xaneiro de 2016 ata as 14 horas do 4 de febreiro de 2016** (hora peninsular).

Máis información no BOE do 29 de decembro de 2015 e en <http://www.mecd.gob.es/portada-mecd/>

Control analíticos de produtos de comercio exterior

Luns, 04 Xaneiro 2016 09:26



O Ministerio de Economía convoca **21 bolsas de especialización en control analítico de produtos obxecto de comercio exterior**.

Requisitos:

Título de Grao ou Licenciado en Ciencias Químicas, Físicas, Biolóxicas, Farmacia, Veterinaria, Enxeñaría Superior ou calquera outra titulación universitaria superior relacionada coas Ciencias experimentais.

Acreditar experiencia práctica de laboratorio e en sistemas de calidade en laboratorios de ensaio, valorándose de xeito especial a adquirida nas seguintes técnicas analíticas:

Cromatografía de gases: todos os destinos.

Cromatografía de líquidos de alta resolución: Alicante, Almería, Barcelona, Málaga, Sevilla, Santa Cruz de Tenerife, Vilamilla e Vigo.

Espectrometría UV-VIS: todos os destinos.

Espectrometría de absorción e emisión atómica: Alicante, Las Palmas de Gran Canaria, Sevilla, Valencia e Vigo.

Electroforese: Vigo.

Ensaio físico-mecánico: Alicante e Barcelona.

Ensaio de material eléctrico: Madrid.

Cada bolsa estará dotada cunha cantidade máxima de 14.819,52 € anuais brutos, sendo a asignación mensual de 1.234,96 € brutos.

Destinos:

- Almería: 2
- Alxeciras: 1
- Alicante: 2
- Barcelona: 1
- Huelva: 1
- As Palmas de Gran Canarias: 2
- Madrid: 1
- Málaga: 2
- Murcia: 1
- Pamplona: 1
- Sevilla: 3
- Santa Cruz de Tenerife: 1
- Valencia: 2
- Vigo: 1

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **14 de xaneiro de 2016**.

Máis información no BOE do 31 de decembro de 2015.

BOLSAS E AXUDAS ➔ OUTRAS

Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVita

Mercores, 30 Decembro 2015 08:10



As subvencións do **programa do Bono de Alugueiro Social** están destinadas a atender con carácter urxente ás seguintes unidades de convivencia:

a) Aquelas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda, por estar inmersas en situacións de especial dificultade que determinaron a interposición pola persoa arrendadora, dunha demanda de desafiuzamento por non pagamento das rendas ou por unha resolución xudicial de terminación dun procedemento da mesma natureza.

b) As vítimas de violencia de xénero con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que no momento da solicitude, se atopen residindo nun recurso de acollida dos integrados na rede galega de acollemento para este colectivo e adscritos a unha administración pública.

c) Aquelas unidades de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privados da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.»

Poderán ser persoas beneficiarias deste programa as que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que teñan a residencia na *Comunidade Autónoma de Galicia* durante polo menos os 12 meses anteriores á data da solicitude da axuda.

b) Que sexan titulares ou estean en condicións de subscribir un contrato de arrendamento nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Que a vivenda obxecto do contrato de arrendamento constitúa ou vaia a constituír o seu domicilio habitual e permanente.

d) Que a renda do contrato de arrendamento que se subvenciona non supere os importes sinalados no artigo 6.

e) Que os ingresos ponderados da unidade de convivencia da persoa beneficiaria, computados conforme establece o artigo 4, sexan inferiores a 1,5 veces o indicador público de efectos múltiples (IPREM).

f) Que nin a persoa solicitante nin ningún outro membro da súa unidade de convivencia teña unha vivenda en propiedade ou en usufruto no territorio nacional.

g) Que nin a persoa arrendataria nin ningún outro membro da unidade de convivencia teña vínculo de matrimonio ou relación estable análoga coa persoa arrendadora. Así mesmo, que non exista vínculo de parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, ata segundo grado, coa persoa arrendadora. Esta mesma exigencia aplicarase cando a parte arrendadora sexa unha persoa xurídica, respecto de calquera dos seus socios ou partícipes.

O **prazo** estará aberto ata ao esgotamento da partida orzamentaria e, en todo caso o día **30 de novembro de 2016**.

As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **VI482A**

Máis información no DOG do 30 de decembro e no **DOG do 28 de agosto de 2015** en <http://www.xunta.es/infraestructuras-e-vivenda>

Ticket eléctrico social de Galicia

Mercores, 30 Decembro 2015 08:54



A Consellería de Economía, Emprego e Industria convoca **subvencións para o pago de parte da factura eléctrica a través do ticket eléctrico social de Galicia.**

A finalidade desta convocatoria é subvencionar parte da factura eléctrica ás unidades de convivencia con menores ou discapacitados cuxos ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 veces o IPREM (9.585,19 €/ano).

Os gastos subvencionables serán as facturas de electricidade (IVE incluído) cuxo período de lectura estea comprendido entre o **1 de xullo 2015 e o 30 de xuño de 2016.**

O **prazo** de presentación de solicitudes comezará o **15 de xaneiro de 2016** e rematará o **31 de xullo de 2016.**

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **IN414A**

Máis información no **DOG do 30 de decembro de 2015** e en <http://economiaeindustria.xunta.es/>

Tamén se informa nos seguintes teléfonos:

A Coruña: 981 18 49 95 e 981 18 49 36

Santiago: 981 95 71 85 e 981 54 55 53

Lugo: 982 29 49 75 e 982 29 46 70

Ourense: 988 38 67 10

Pontevedra: 986 80 52 13 e 986 80 52 22

Vigo: 986 81 75 61, 986 81 78 22 e 986 81 77 64

Tarxeta Benvida

Mercores, 30 Decembro 2015 11:17

A Consellería de Política Social convoca a **concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, para as familias con fillas e fillos nados no ano 2016.**

Contía da axuda: a contía total da axuda será de 1.200 € a razón de 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla. No caso

TARXETA BENVIDA



de adopción o dereito á percepción da axuda producirase desde o mes en que se constituía a adopción e ata que o neno ou nena faga un ano.

Persoas beneficiarias: aquelas persoas residentes na *Comunidade Autónoma de Galicia* que teñan fillas ou fillos, tanto por natureza como por adopción, nados entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.**

Requisitos:

a) Que a persoa proxenitora solicitante teña a súa residencia habitual en Galicia.

b) Que a renda da unidade familiar do ano 2014 non supere os 45.000 €. No suposto de que esta contía fose superior, a renda per cápita, entendida como a suma das bases impositibles xeral e do aforro dividida entre o número de membros da unidade familiar, non deberá superar os 13.500 €.

O **prazo** de presentación de solicitudes será de **dous meses contados** desde o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento.

As solicitudes poden tramitarse en https://sede.xunta.es cos procedementos **BS403B**

Máis información no **DOG do 30 de decembro de 2015**

Ticket eléctrico social

Luns, 04 Xaneiro 2016 07:54



A Consellería de Economía convoca **axudas urxentes de tipo social** para evitar os cortes de subministración eléctrica ás persoas economicamente máis vulnerables.

Beneficiarios:

Poderán solicitar esta axuda as persoas residentes na **Comunidade Autónoma de Galicia** cuxos ingresos totais da unidade de convivencia non superen o **IPREM** (6.390,13 €/ano) e que teñan aviso de interrupcións de subministración eléctrica por non pagamento, ou ben esta interrupción xa se producira, pola mesma causa.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto entre o **15 de xaneiro de 2016 e o 15 de novembro de 2016.**

As solicitudes poden tramitarse en https://sede.xunta.gal co procedemento **IN414D.**

Máis información no **DOG do 31 de decembro de 2015** e en https://axudascortes-subministracion.xunta.gal

Axudas para actividades extraescolares para á conciliación

Luns, 04 Xaneiro 2016 08:07



A *Secretaría Xeral da Igualdade* convoca **axudas ás asociacións de nais e pais de alumnas e alumnos (ANPAS)**, para a realización de programas de actividades extraescolares e complementarias dirixidas ao alumnado de educación infantil, primaria e de centros de educación especial, que teñan como fin contribuir á conciliación da vida persoal, familiar e laboral durante o **curso escolar 2015/16**.

Requisitos dos programas de actividades extraescolares subvencionables:

- a) Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado, reforzando os valores igualitarios, libres de prexuízos e de estereotipos sexistas así como á concienciación contra a violencia de xénero. Co dito fin primarase na valoración das solicitudes a programación de actividades ou accións de sensibilización dirixidas a promover a igualdade, fomentar a corresponsabilidade e o respecto mutuo, e a prevención da violencia de xénero.
- b) As actividades realizaranse nas dependencias do centro educativo e fóra do horario lectivo, de luns a venres durante o curso escolar 2015/2016 e durante unha hora diaria como mínimo.
- c) A programación das actividades será en horario continuado desde a hora de inicio á hora de remate co fin de evitar baleiros intermedios que dificulten a conciliación.
- d) As actividades que formen parte do programa centraranse en aspectos lúdicos, artísticos, culturais, tecnolóxicos e/ou deportivos.
- e) Cada actividade dirixirase obrigatoriamente a un mínimo de 10 alumnas/os, agás naqueles casos debidamente xustificadas

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **29 de febreiro de 2016**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **SI449A**

Máis información no DOG do 30 de decembro de 2015.

Pontegal 2016

Luns, 04 Xaneiro 2016 12:55

A *Deputación de Pontevedra*, a través do *Servizo de Cultura e Lingua Galega* pon en marcha o **Pontegal 2016**.



Pontegal 2016

Poderán solicitar a inclusión neste **Plan** as *bandas de música, masas corais, os grupos folclóricos, grupos de gaitas, bandas de gaitas, agrupacións de música tradicional, de música clásica ou de teatro, entre outros, co fin de contribuír a difundir e promover a música, o folclore, o teatro, a danza, o audiovisual e as demais manifestacións artísticas.*

As entidades solicitantes poderán ser concellos e asociacións sen ánimo de lucro. Como organizadoras dos actos, débense poñer en contacto coas agrupacións acollidas a este Plan para concretar a data da actuación, coñecer as condicións e facilitarlles o concerto ou a escenificación da obra.

A **Deputación de Pontevedra** retribuirá unha parte do caché e o resto, aboarao a entidade solicitante.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **1 de febreiro de 2016**.

Máis información no BOP de Pontevedra do 4 de xaneiro de 2016 e en

<http://www.boppo.depo.es/web/boppo/detalle/-/boppo/2016/01/04/2015046103>

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

Cooperativismo no ensino 2016

Mercres, 30 Decembro 2015 08:35



Cooperativismo no Ensino 2016

A *Consellería de Economía, Emprego e Industria* convoca o **certame Cooperativismo no Ensino 2016** dirixido aos centros educativos de Galicia.

O **certame Cooperativismo** no ensino ten por obxecto difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, formación profesional e ensinanzas de réxime especial de Galicia, impulsando a realización de actividades de fomento do cooperativismo nos centros educativos.

Modalidades:

- a) Debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo dirixida ao alumnado de infantil e primaria:

Categoría A: alumnado de 2º ciclo de educación infantil.

Categoría B: alumnado de 1º e 2º de educación primaria.

Categoría C: alumnado de 3º e 4º de educación primaria.

Categoría D: alumnado de 5º e 6º de educación primaria.

Un premio ao mellor traballo de cada categoría: materiais de debuxo e pintura, audiovisual ou informático, por un valor total equivalente a 2.000 €.

Un accésit por cada categoría: materiais de debuxo e pintura, audiovisual ou informático, por un valor total equivalente de 1.000 €.

b) Actividades cooperativizadas dirixida ao alumnado de educación secundaria obrigatoria:

Categoría E: alumnado do primeiro ciclo da ESO.

Categoría F: alumnado do segundo ciclo da ESO.

Un premio ao mellor traballo por categoría: material audiovisual ou informático, por un valor total equivalente a 2.000 €.

Un accésit por cada categoría: as persoas autoras de cada traballo premiado recibirán materiais didácticos, audiovisuais ou informáticos, por un valor total equivalente a 1.000 euros.

c) Proxectos empresariais cooperativos dirixidos ao alumnado dos centros de formación profesional e ensinanzas de réxime especial:

Premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo: Un único premio de 3.500 €, que se repartirá entre o alumnado que elaborou o proxecto premiado.

Material audiovisual ou informático por un valor máximo de 1.000 €, para o profesor ou a profesora, ou o director ou a directora do proxecto.

Un accésit: 2.000 €, que se repartirá entre o alumnado que elaborou o proxecto finalista.

Material audiovisual ou informático para o profesor ou profesora, ou o director ou directora dos proxectos finalistas, por un valor máximo de 500 €.

O **prazo** de presentación dos traballos remata o día **15 de maio de 2016**.

Pódese tramitar en <https://sede.xunta.es/> no procedemento **TR8020**

Máis información no DOG do 30 de decembro de 2015 e en <http://www.cooperativasdegalicia.coop/>

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Persoal para o concello de Teo

Mercores, 30 Decembro 2015 11:33

O **Concello de Teo** necesita contratar o seguinte persoal, para o servizo municipal de saneamento e abastecemento:

Xefe/a de Instalacións e redes: Título de Graduado/a ou licenciado/a universitario en Enxeñería Química, Enxeñería Civil, Enxeñería de Obras Públicas, ou equivalentes.

Operario/a de redes: Sen esixencia de titulación académica.

Oficial electromecánico: Título de formación profesional básica (título profesional básico), ou certificado de profesionalidade, da familia profesional de Edificación e Obra Civil, Electricidade e electrónica, Fabricación mecánica, Instalación e mantemento, ou Enerxía e auga, ou equivalentes.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **9 de xaneiro de 2016**.

Máis información no BOP da Coruña do 23 de decembro de 2015.

Bolsa de traballo de auxiliares para o servizo de axuda no fogar en Cedeira

Mercores, 30 Decembro 2015 11:34

O **Concello de Cedeira** convoca **unha bolsa de traballo de auxiliares para o servizo de axuda no fogar**.

Requisitos: título de graduado en educación secundaria ou graduado escolar ou certificado de escolaridade.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **18 de xaneiro de 2016**.

Máis información no BOP da Coruña do 29 de decembro de 2015.

Bolsa de traballo de auxiliares para o servizo de axuda no fogar en Mondariz-Balneario

Mercores, 30 Decembro 2015 11:49

O Concello de Mondariz-Balneario convoca unha bolsa de traballo de persoal para o servizo de axuda no fogar.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 13 de xaneiro de 2016.

Máis información no BOP de Pontevedra do 30 de decembro de 2015.

Auxiliares de axuda no fogar en Castro Caldelas

Luns, 04 Xaneiro 2016 12:44

O Concello de Castro Caldelas necesita contratar 8 auxiliares para o servizo de axuda no fogar do concello.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 11 de xaneiro de 2016.

Máis información no BOP de Ourense do 4 de xaneiro de 2016 e en <http://www.castrocaldelas.es/index.php/gl/>

Axente TIC para a aula CeMIT do Concello de Castro Caldelas

Luns, 04 Xaneiro 2016 12:48

O Concello de Castro Caldelas necesita contratar 1 axente TIC para a aula CeMIT do concello.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 9 de xaneiro de 2016.

Máis información no BOP de Ourense do 2 de xaneiro de 2016 e en <http://www.castrocaldelas.es/index.php/gl/>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net